

## **RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS**

**EXPEDIENTE:** C85220:45

**SITUACIÓN:** ANTELO, P-5, 2º DER. - FERROL

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de A Coruña de data 02 de setembro de 2016 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C85220:45, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirinte, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, téndose presentado solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a AMPARO ROMERO REGO (nº de credencial 67966). Unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias o xefe territorial.

### **ACORDA:**

Declarar directamente adquirente a don/a AMPARO ROMERO REGO (nº credencial 67966)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admnistracións Públicas.

A Coruña, 18 de abril de 2017

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

José Antonio Álvarez Vidal